

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

BASES DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Deputación de Pontevedra, consciente da riqueza e singularidade do patrimonio marítimo-fluvial galego e da necesidade de preservalo e difundilo, aproba as bases reguladoras de concesión de subvencións públicas dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

No artigo 46 da Constitución española establécese que os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade.

No título preliminar da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) recóllese que o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo.

No título preliminar da LPCG establécese tamén o ámbito de competencias e o réxime da colaboración interadministrativa, no que se fomenta a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia. As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen a obriga de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

Co obxectivo de promover a protección e a conservación do patrimonio marítimo-fluvial da provincia, a Deputación de Pontevedra aproba este procedemento de subvencións, dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra, a través da publicación destas bases reguladoras, de acordo coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), cuxo texto é o seguinte:



Xoves, 31 de marzo de 2022

Núm. 63

Primeira. Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras de subvencións destinadas á recuperación e posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia para o seu uso en actividades de promoción sociocultural.

A concesión das axudas efectuarase mediante o procedemento de concorrência competitiva.

Segunda. Financiamento

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e estas convocaranse con cargo á aplicación 22/332.3322.789.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2022, por un importe total de cento cincuenta mil (150.000,00) euros.

O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 80 % do seu orzamento e non poderá superar o importe de dez mil (10.000,00) euros.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos e aos importes establecidos no orzamento inicial, aínda que se aceptarán desviacións máximas dun 20 % no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado.

No caso de que os proxectos financiados non esgoten a partida orzamentaria, poderá superarse o límite de dez mil (10.000,00) euros por proxecto (sempre que non se supere o 80 % do orzamento), baixo criterios de proporcionalidade e respectando a concorrência competitiva, así como a valoración técnica do proxecto.

Terceira. Persoas beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial de Galicia e que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro
- Desenvolver a súa actividade no ámbito territorial da provincia de Pontevedra
- Ser titulares dos bens obxecto de rehabilitación ou mellora. Estes deberán ser de construción e tipoloxía tradicionais, feitos con elementos e procedementos tradicionais
- Destinar os bens a actividades de promoción sociocultural; non poderán destinarse á pesca nin á acuicultura
- Non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co especificado no artigo 13 da LXS
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra



Cuarta. Gastos subvencionables

Os gastos subvencionables comprenderán os traballos de recuperación de todos aqueles bens de interese que integran o patrimonio marítimo e fluvial na provincia.

As entidades solicitantes deberán seleccionar unha das seguintes liñas de actuación:

- Liña 1 (embarcacións tradicionais). Os gastos comprenderán os traballos de rehabilitación de embarcacións tradicionais (tratamento da embarcación, recuperación de determinadas partes deterioradas, reparacións, montaxe de electricidade, traballos de carenado e pintado, entre outros) co fin de recuperar o seu carácter orixinal ou de manter elementos estruturais que permitan a rehabilitación e o mantemento da embarcación. Así mesmo, incluírán todos aqueles accesorios e equipamento das embarcacións que sexan de investimento (baterías, motores, sistemas eléctricos, depósitos, aparellos, velas, obenques, quillas, drizas, equipamento de salvamento...).

Estas embarcacións deberán destinarse a actividades de promoción sociocultural ou musealización. As axudas son incompatibles co uso das embarcacións para a pesca ou a acuicultura, se ben poderán empregarse para a navegación tradicional en regatas, encontros ou actividades de formación. Serán subvencionables, neste sentido, as inspeccións técnicas ás que deban someterse as embarcacións tras o proceso de rehabilitación e que acrediten a súa navegabilidade.

Os traballos de rehabilitación deberán referirse a unha única embarcación por entidade, polo que non serán subvencionables aqueles proxectos que inclúan actuacións sobre varias embarcacións.

- Liña 2 (aparellos de pesca e demais elementos vinculados á cultura marítimo-fluvial). As obras de restauración e conservación subvencionadas ao abeiro desta convocatoria incluírán as distintas artes e aparellos de pesca e marisqueo tradicionais, ferramentas e maquinaria, instrumental de navegación, útiles de comunicación e sinalización, cordoería, artesanía e demais elementos vinculados á cultura marítima e fluvial, todos eles destinados a actividades de musealización ou difusión social e cultural.

Poderán subvencionarse os traballos de restauración e conservación de máis dun elemento incluído nesta liña, pero sempre que formen parte dun conxunto homoxéneo e se xustifique deste xeito na memoria explicativa.

- Liña 3 (construcións e instalacións en terra). As intervencións realizadas sobre os distintos tipos de construcións e instalacións en terra (almacéns, fábricas, estaleiros, lonxas, casetas de pesca, embarcadoiros e pesqueiras, entre outras), mostras da arquitectura industrial e popular marítimo-fluvial na provincia, para ser reconvertidas en espazos culturais.

As intervencións deberán referirse a unha única construción ou instalación en terra. Non serán subvencionables aqueles proxectos que inclúan actuacións sobre varias instalacións.



Todas as actuacións subvencionadas deberán desenvolverse ao longo do ano 2022 e empregarán solucións construtivas e de deseño tradicional e orixinal, ademais de materiais que lles sexan propios. As actuacións de restauración e conservación realizadas deberán redundar sempre nunha posta en valor dos correspondentes bens patrimoniais.

Terán a consideración de gastos subvencionables os proxectos técnicos directamente relacionados coas actuacións de rehabilitación que se leven a cabo.

Quedan excluídos desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención os investimentos xa subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias ou plans da institución provincial.

Quinta. Lugar e forma de presentación das solicitudes

As entidades interesadas poderán presentar unha única solicitude a esta convocatoria.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Sexta. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das entidades solicitantes
- DNI ou NIE das persoas representantes
- Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a estas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Oitava. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Memoria explicativa, profusamente detallada, da actuación que se pretende desenvolver, asinada pola persoa representante, que incluíra:
 - Tipo de ben para o que se solicita a subvención e as súas características e a súa antigüidade.
 - Descrición detallada dos traballos de rehabilitación ou mellora, dos elementos ou das partes que se pretenden reparar, do tipo de procedemento e dos materiais que se utilizarán e os equipamentos necesarios, no seu caso. O proxecto deberá adecuarse aos procedementos e aos materiais tradicionais.
 - Descrición detallada do destino do investimento para fins de carácter sociocultural ou musealización, así como experiencia e vinculación da entidade beneficiaria na organización e participación en actividades relacionadas co patrimonio marítimo-fluvial.
 - Anexo fotográfico ou, de non ser posible, bosquejo explicativo que reflicta o estado actual do ben e, en concreto, da parte ou dos elementos que se pretenden rehabilitar ou mellorar.
- Orzamento de ingresos e gastos detallado e totalizado (coas cantidades, cos prezos unitarios e co IVE) do investimento que se vai realizar, asinado pola persoa representante.
- Acreditación do cargo da persoa representante legal da entidade, no caso de non empregar certificado electrónico de representación de persoa xurídica.
- Copia dos estatutos que rexen a entidade, que deberán incluír, entre os seus obxectivos, a recuperación e o mantemento ou a posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial da provincia.
- Acreditación da titularidade do ben obxecto de rehabilitación ou mellora. A entidade deberá ser titular do ben ou da instalación obxecto de rehabilitación ou mellora, ben porque sexa propietaria, ben porque dispoña dun dereito de uso ou cesión.
- Calquera outra documentación acreditativa das circunstancias que poidan terse en conta na fase de valoración.

Será responsabilidade da entidade beneficiaria a obtención das correspondentes licenzas, autorizacións ou permisos para executar os traballos obxecto da axuda, no seu caso.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.



Xoves, 31 de marzo de 2022

Núm. 63

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica, para o que se lle concederá un prazo de dez (10) días hábiles. En todo caso, se a emenda se efectuase fóra do prazo de presentación de solicitudes, limitarase á presentación electrónica do previamente presentado de forma presencial en papel, sen que poidan engadírselles outros documentos ou rectificar os xa achegados. Todo isto sen prexuízo da emenda en xeral que, no seu caso, proceda, de acordo coas bases ou co artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente ante a Administración. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban levar a cabo durante a tramitación deste procedemento terán que realizarse electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que no prazo de dez (10) días emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décima. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: B4P2CBIG32MXNYM



As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrência competitiva, segundo os seguintes criterios de valoración:

- **Interese do ben obxecto de restauración desde o punto de vista histórico e cultural (de 0 a 40 puntos)**

Antigüidade (de 0 a 10 puntos).

Singularidade ou rareza na súa tipoloxía, técnica ou materialidade (de 0 a 10 puntos).

Autenticidade (de 0 a 10 puntos). Primaranse aqueles bens que manteñan ou conserven en maior medida os seus elementos orixinais, sen alteracións que os desvirtúen.

Carácter identitario: ben representativo do patrimonio local e provincial (de 0 a 10 puntos). Valoraranse o arraigamento ao territorio (sobre todo á provincia), a especial vinculación do ben á historia marítimo-fluvial do lugar e á memoria colectiva das súas xentes.

- **Proxecto de recuperación do ben (de 0 a 40 puntos)**

Claridade e calidade do proxecto (de 0 a 10 puntos). Valoraranse o desenvolvemento exhaustivo do proxecto, a descrición detallada dos tipos de accións necesarias para acadar os obxectivos fixados, así como a súa calidade no referente ás solucións achegadas e a súa viabilidade.

Adecuación da intervención aos valores patrimoniais do ben (de 0 a 10 puntos). Valoraranse as intervencións axustadas aos procedementos, aos materiais e ás técnicas tradicionais.

Maior intervención sobre os elementos estruturais do ben (de 0 a 10 puntos). Primaranse aquelas actuacións que se realicen sobre os elementos estruturais do ben fronte a actuacións ou labores de mantemento.



Estado de conservación do ben e grao de urxencia da intervención (de 0 a 10 puntos). Valoraranse aqueles bens que presenten danos ou unha deterioración importante e que requiran dunha rápida intervención.

- **Actividades de posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial (de 0 a 20 puntos)**

Interese e calidade das actividades ás que estea destinado o ben desde o punto de vista sociocultural (de 0 a 5 puntos). Primaranse aquelas accións que repercutan especialmente na difusión e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial.

Impacto local das actividades (de 0 a 5 puntos). Valoraranse aquelas iniciativas ás que estea destinado o ben que teñan unha maior repercusión ou incidencia no ámbito local e provincial.

Continuidade das actividades no tempo (de 0 a 5 puntos). Primaranse aquelas actividades que se prolonguen máis no tempo.

Vinculación e experiencia da entidade solicitante na organización, colaboración ou participación en actividades relacionadas coa recuperación e conservación do patrimonio marítimo-fluvial (de 0 a 5 puntos)

Unha vez analizada a proposta, a comisión de valoración outorgaralle unha puntuación, que deberá acadar un mínimo de 50 puntos en total para que a actividade poida subvencionarse.

Décimo segunda. Instrución do procedemento e proposta de resolución

A instrución do procedemento de concesión da subvención correspóndelle á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo primeira, explicando o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle a Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente, a comisión de valoración constituída para tal fin realizará un estudo do citado informe-proposta das solicitudes de subvención emitido pola xefa do Servizo.

Unha vez valorado o devandito informe, a comisión poderá solicitar cantos informes adicionais estime necesarios para resolver e emitirá unha proposta motivada de concesión de subvencións que se someterá á aprobación do órgano competente.



Décimo terceira. Comisión de valoración

A comisión de valoración é un órgano colexiado composto polos seguintes membros:

- Presidenta: a deputada en materia de Patrimonio Documental e Bibliográfico, Patrimonio Material e Memoria Histórica
- Secretaria: a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra
- Vogais: tres técnicas ou técnicos do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra ou, no seu caso, da área de Patrimonio Documental e Bibliográfico, Patrimonio Material e Memoria Histórica

A comisión de valoración presentará a proposta de resolución, que será aprobada polo órgano competente e notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento é de seis (6) meses, contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen notificárselles a resolución ás persoas interesadas, a solicitude de concesión da subvención entenderase desestimada por silencio administrativo.

Décimo cuarta. Modificación da resolución

Unha vez notificada a resolución de concesión, a persoa beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido cunha exposición razoada dos motivos, que poderá ser autorizada sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motivasen e, en todo caso, no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución polo órgano competente, logo dunha proposta previa da comisión de valoración, na que deberán terse en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e do orzamento subvencionado
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a comisión de valoración, logo do informe do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos

Décimo quinta. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.



Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria transmitiráselle á BDNS para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Ademais, a Deputación de Pontevedra publicará a concesión das subvencións no BOPPO e na súa páxina web e remitiralla á BDNS.

Décimo sexta. Compatibilidade con outras subvencións

A subvención concedida pola Deputación de Pontevedra será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada. Para eses efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade a persoa beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra.

A subvención concedida é incompatible con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio. A persoa beneficiaria deberá comunicar, nese caso, que xa se lle concedeu outra subvención do organismo provincial.

Décimo sétima. Xustificación

A entidade beneficiaria está obrigada a presentar a xustificación do cumprimento das condicións establecidas e a consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención e, no seu caso, poñer á disposición da Deputación os libros e os rexistros contables necesarios para a adecuada xustificación e para o exercicio das facultades de comprobación ou control financeiro.

Antes do día 31 de marzo de 2023 a persoa beneficiaria deberá presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, a través do modelo “Instancia xenérica”, a seguinte documentación xunto co anexo I (conta xustificativa):

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen o investimento realizado e os resultados obtidos.
- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. Poñerase de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada e indicarse que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da persoa beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame.



Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, cunha porcentaxe de desviación máxima do 20 % no custo dos diferentes conceptos con respecto ao orzamento inicial.

- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas, o IVE detallado e mais o custo total de cada unidade.
- Acreditación de que se divulgou debidamente mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos que o investimento subvencionado foi financiado pola institución provincial.
- Declaración de non ter recibido outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.

O pagamento da subvención efectuarase despois da comprobación e da elaboración dun informe por parte dos servizos técnicos provinciais de que se cumpriu coa finalidade e co obxecto da subvención.

Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que se comprobará de oficio por parte da propia institución provincial.

Décimo oitava. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das previstas no artigo 14 da LXS, as persoas beneficiarias terán que cumprir as seguintes obrigas:

- Realizar a finalidade obxecto da subvención antes do 31 de decembro de 2022 e presentar na forma e no prazo a xustificación correspondente.
- Non transferir a propiedade do ben ou o dereito de uso ou cesión nun prazo de cinco (5) anos desde o momento da concesión, así como destinalo ao fin concreto para o que se concede a subvención.
- Levar a cabo as medidas de difusión nos termos establecidos nas bases da convocatoria, tanto na súa forma coma no seu prazo, que deberán ter a mesma relevancia que as medidas de difusión realizadas para outros entes cofinanciadores da finalidade subvencionada. Esta obriga poderá acreditarse mediante unha declaración responsable da persoa beneficiaria acompañada de fotografías, carteis ou calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade da difusión.
- Pagarlles ás súas acreedoras e acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, en cuxo caso deberán facelo no prazo máximo dun (1) mes desde a data do cobro.



Xoves, 31 de marzo de 2022

Núm. 63

- Utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderán usar o pagamento en metálico cos límites establecidos legalmente. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros.
- Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente anterioridade, poidan modificarse tanto o contido e a contía da finalidade subvencionada coma a súa forma e prazos de execución e mais a xustificación dos correspondentes gastos.
- Se, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supera o custo total da actividade subvencionada, deberá comunicalo, en cuxo caso o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.
- Someterse ao control financeiro da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa institución provincial.

Décimo novena. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por transferencia bancaria á conta indicada pola entidade beneficiaria.

Vixésima. Incumprimento

Despois do vencemento do prazo de xustificación, sinalado na base décimo sétima, sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o inicio do procedemento de perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.



Vixésimo primeira. Devolución, reintegro ou perda de dereito ao cobro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelas falseando as condicións requiridas
- Por non aplicalas aos fins para os que se concederon
- Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

Así mesmo, o incumprimento por parte das persoas beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e demais normas aplicables, así como as condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar, total ou parcialmente, previo expediente oportuno, á perda do dereito ao cobro, segundo o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésimo segunda. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo dun (1) mes, un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditase, que se entenderá como desestimado se transcorre este período sen recibir contestación. Neste caso poderá interpoñerse no prazo de dous (2) meses un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



Xoves, 31 de marzo de 2022

Núm. 63

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en

<https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo cuarta. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido na LPACAP; na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; na LXS; na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; nas Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2022; e na demais lexislación aplicable.

